


SOCIOLINGÜÍSTICA.

AS LINGUAS DA PENÍNSULA IBÉRICA

IDIOMAS COOFICIAIS E
NON OFICIAIS TERRITORIAIS
DA PENÍNSULA IBÉRICA
(Fonte: Wikipedia)

% PERSOAS QUE FALAN A LINGUA

CATALÁN / VALENCIANO



GALEGO



EUSKERA





ASTURLEONÉS



ARAGONÉS



OCCITANO



Contexto histórico: Tras a conquista romana, só unha pequena zona da Península, arredor do oeste dos Pireneos, quedou sen latinizar; nesta zona fica o éuscaro, a única lingua prerromana que pervive na Península ata os nosos días. A conformación de distintos reinos e a existencia de cidades importantes coma Santiago de Compostela, Oviedo, León, Toledo, Braga, Coímbra contribuíron a que emerxesen as distintas linguas romances escritas. Deste xeito, fortaleceuse a consciencia da existencia de linguas diferentes: o galego, o portugués, o asturiano, o castelán, o aragonés e o catalán.

Na actualidade, a Constitución Española de 1978 e a articulación das Autonomías determinaron que catalán, galego e éuscaro sexan linguas oficiais nos seus territorios xunto co castelán. O Estado español é multilingüe desde a súa orixe. **O galego, o catalán e o éuscaro son linguas oficiais** por seren as linguas propias dos seus territorios; é dicir, **teñen a súa orixe histórica** nas comunidades humanas que alí se asentaron e desenvolveron. **Polo tanto, a lingua propia é un patrimonio colectivo, non unha escolla individual.** Existen ademais outras linguas propias que carecen da protección legal necesaria para garantir a súa existencia. A todas elas temos




que sumarlles as das comunidades migrantes que se veñen asentando nos últimos cincuenta anos (o árabe, o romanés...).

A vitalidade das linguas non depende só do estatus legal que se lles outorgue. A transmisión familiar é imprescindible para asegurar o seu futuro.

O EUSCARO/VASCO

O territorio situado na zona oeste dos Pireneos nunca foi latinizado, nin conquistado polos árabes, o que permitiu que a lingua prerromana que alí se falaba, o vasco ou éuscaro, chegase viva ata hoxe. O vasco é unha lingua falada por arredor de 900.000 persoas, repartidas entre o País Vasco, noroeste de Navarra e o departamento dos Pireneos Atlánticos, en Francia. Tamén se fala en zonas de Cantabria, Condado de Treviño (Burgos) e suroeste de Francia. É a lingua oficial da Comunidade Autónoma do País Vasco, xunto co castelán, e tamén goza deste estatus na zona vascófona da Comunidade Foral de Navarra. Ten unha rica literatura, principalmente oral (aínda hai bertsolaris, que destacan na arte de improvisar estrofas), e unha literatura culta en constante expansión.



As primeiras documentacións escritas aparecen en inscricións en lápidas do século II d.C. Nas Glosas Emilianenses, do século XI, aparecen 42 frases en vasco, breves anotacións que axudan a entender os textos latinos. Os dous primeiros libros en éuscaro son do século XVI; ata a Idade Contemporánea, o éuscaro usábase na lingua escrita só para catecismos e obras relixiosas e actualmente ten cultivo literario e uso político. En 1919 fundouse a Euskaltzaindia (Academia da Lingua Vasca), que creou a variedade estándar, o batúa, no 1968. En 1982 declarouse lingua cooficial no País Vasco; tamén é cooficial nunha parte de Navarra. En Francia carece dese status.

O vasco presenta varios dialectos de occidente a oriente e existe pouca intelixibilidade mutua entre as variedades máis extremas. No contacto co latín e cos romances veciños, tomou algún léxico románico. Pola súa parte, o galego presenta palabras tomadas do éuscaro, coma *abur*, *esquerda*, *boina*...

Vídeo sobre nenos vascos: <https://www.youtube.com/watch?v=TTFTROyENYk>

Grupo musical Vendeta: <https://www.youtube.com/watch?v=AY8VIQ9MIwo>

https://www.instagram.com/reel/C2fVQ1kKVKC/?utm_source=ig_web_copy_link

Vídeo sobre o catalán/valenciano: <https://www.youtube.com/watch?v=BHy56d2K60g>

CATALÁN-VALENCIANO-BALEAR

O catalán esténdese pola Península, as illas Baleares e a cidade sarda de Algher (Italia), nunha franxa da Comunidade Autónoma de Aragón e no norte de Murcia.; é a única lingua oficial de Andorra e tamén se fala sen carácter de lingua oficial na zona francesa dos Pireneos orientais (no Rosellón e na Cerdeña). En Cataluña, Baleares e Valencia (co nome de valenciano) é lingua cooficial co castelán.

En Cataluña, por exemplo, a porcentaxe de falantes de catalán, que é o 75% da poboación total, chega ao 90% entre os mozos de 15 a 29 anos.

Os primeiros textos datan do XII-XIII. O catalán tivo un brillante cultivo literario e uso oficial na Idade Media, unha época de menor esplendor na Idade Moderna e unha época de florecemento literario desde mediados do século XIX ata a actualidade. As súas normas ortográficas datan de 1913, a gramática estándar, de 1918 e o dicionario xeral, de 1932.

Vídeo sobre a diferenza Catalán-valenciano-balear:

<https://www.youtube.com/watch?v=BHy56d2K60g&t=768s>

ARANÉS

Esta variante do gascón -unha das catro modalidades do occitano- é na actualidade a lingua habitual do 20% da poboación do Val d'Arán (Lleida). O Estatuto de Autonomía de Cataluña reconece como lingua oficial deste territorio, xunto co catalán e o castelán. A oficialidade permitiu o seu impulso na educación ou a cultura, así como o dereito a usalo coa administración por parte dos seus falantes.

Arredor duns 3.000 falantes.



ARAGONÉS

O aragonés fálano hoxe no Pireneo aragonés. É o descendente do romance xurdido nesa zona tras a súa romanización. Na Idade Media, a súa extensión xeográfica foi superior, dado que foi levado para o sur pola Reconquista. Coa chegada da casa castelá de Trastámara á Coroa de Aragón no ano 1412, o castelán difundíuse polo reino de Aragón, de modo que o territorio ocupado polo aragonés reduciuse ata o marco que agora ocupa no norte da provincia de Huesca.

Está reconecido na lexislación autonómica como lingua propia de Aragón; non obstante, non goza dun réxime de cooficialidade. Estímase que 25 000 falantes o manteñen na zona norte da comunidade. Aínda que este dato sitúa o aragonés na listaxe das linguas en perigo de desaparición, nas últimas décadas apréciase un progreso no estudo, a produción cultural e o interese social pola súa revitalización.

Libro sobre o aragonés: https://www.huesca.es/c/document_library/get_file?uuid=a54dde9f-ad97-7a5b-6b19-77575b462e67&groupId=33407

ASTURIANO

Conta cuns trescentos mil falantes no Principado de Asturias. Está reconecido na Constitución como **lingua que cómpre protexer e promover**, o que impulsou unha rica actividade social e cultural, así como algúns avances legais e educativos. A Academia de la Llingua Asturiana encárgase da gramática, dicionario e normas ortográficas. Forma parte do astur-leonés, que abrangue tamén falas de parte de León e Zamora, xunto co mirandés, a lingua de Miranda do Douro (Portugal). Os falantes de mirandés (uns 15 000) gozan da protección e o dereito de promoción da súa lingua pero esta, polo momento, non ten estatus de lingua oficial.

O asturiano ten moita vitalidade nas áreas rurais e menos nas urbanas, pero hai grupos que loitan pola súa normalización; calcúlase que fala asturiano o 30% da poboación de Asturias. Galego e asturiano comparten trazos significativos, como a conservación do f (fillo) ou dos ditongos (ouro, carneiro), ausencia de tempos compostos nos verbos ou pronomes átonos en posición enclítica. Existe unha Academia de la Llingua Asturiana, fundada en 1980, que creou unha variedade estándar no ano 1981 e en 1991 publicou unha gramática normativa.

Academia de la Llingua Asturiana: <https://alladixital.org/>

CASTELÁN

O castelán xurdiu na zona central do norte da Península, onde se xuntan as actuais provincias de Santander e Burgos. Fronte ao galego e ao asturiano, e do mesmo xeito ca o portugués, desenvolveu formas verbais compostas: *El consejero ha hablado hoy*. E tamén fronte a galego, asturiano e portugués, preferiu a colocación proclítica dos pronomes átonos: *Lo digo yo*.

Castela comezou sendo un condado subordinado á monarquía asturiana. Co paso do tempo, os gobernantes de Castela foron aumentando o seu poder na zona central da Península. O peso político de Castela dentro da coroa explica a expansión do castelán. Como o portugués, o castelán vaise estendendo conforme se produce a Reconquista. Como a coroa castelá é a que máis territorio logra conquistar, tamén o castelán é a lingua que máis se estende na Península. A expansión do castelán na Península supuxo a desaparición do mozárabe e do árabe das zonas reconquistadas. Castela remata a súa Reconquista en 1492 coa toma de Granada; nese mesmo ano, Colón descobre América para a coroa de Castela, o que supón a expansión castelá por América. Ao primeiro, o poderío político de Castela provocou que o

castelán se tornase lingua de prestixio tanto en Galicia coma en toda a Península, Portugal incluído, país no que moitos escritores pasaron a escribir en castelán. A este aumento de prestixio contribuíu a partir do século XVIII unha política destinada á unificación lingüística de España, que excluíu do ensino, da Igrexa e dos usos oficiais o galego e as outras linguas. Hoxe é lingua oficial en toda España e da maioría dos países de América.

TAMAZIG

En Ceuta e Melilla, fálase, amais do castelán, unha variedade do tamazight chamada tarifit, usado por unhas 80.000 persoas. O tamazight é unha lingua afroasiática bérber falada por uns vinte millóns de persoas espaxadas polo norte de África. Os seus falantes son os berberiscos, os habitantes da rexión antes da chegada dos árabes e dos cristiáns. En España carece de status oficial e os seus falantes españois tamén usan o árabe para o culto relixioso.

Todas as comunidades que recoñecen a cooficialidade das súas linguas propias aprobaron respectivas leis de normalización lingüística, co fin de promover e regular o seu coñecemento e o seu uso, compensando a situación de inferioridade en que se atopan con respecto á lingua estatal (o castelán). Así, temos as leis de normalización lingüística de **Euskadi (novembro de 1982)**, **Cataluña (abril de 1983)**, **Galicia (xuño de 1983)** e **Illas Baleares (xuño de 1986)**; a **Lei sobre uso e ensino do valenciano (novembro de 1983)** e a **Lei foral do vascuence de Navarra (decembro de 1986)**. Todas elas teñen estrutura e contidos semellantes, aínda que no caso de Cataluña foi substituída pola Lei de política lingüística, aprobada en xaneiro de 1998.

Linguas minorizadas da península

	Comunidades e/ou estados	Falantes	Status legal	% lingua habitual	Presenza social e evolución
Galego	3 comun. (+ 1: Valego)	2,5 millóns	Oficial en Galicia	52% (31% monoling.)	Consólidase a presenza social Redúcese a transmisión
Asturleonés - mirandés	3 comun. 2 estados	250000	Recoñecida en Asturias. Oficial en Portugal	25% en Asturias	Demanda de cooficialidade e dinamismo cultural / Forte diglosia
Éuscaro	3 comun. 2 estados	770000	Oficial no País Vasco e Navarra	46% (31% monoling.)	Avanza na presenza social e recupera falantes
Aragonés	1 comun.	12000	Recoñecida	(Ronda o 5% en Huesca)	Conta con certa defensa cultural En grave perigo de extinción
Aranés (gascón, occitano)	1 comun. 2 estados (Gascón)	5000 (+800.000)	Oficial en Cataluña	25% (18% monoling.)	Sofre un marcado retroceso
Catalán	5 comun. 4 estados	10 millóns	Oficial en tres comunidades e en Andorra	47% (32% monoling.)	Decidido avance da normalización Integración da inmigración en catalán Lixeiro declive nas porcentaxes

Presenza das linguas territoriais minorizadas **no sistema educativo** (secundaria)

Galego	Galicia	Lingua vehicular en modelo “plurilingüe”: do 33% ao 50% ; prohibida en Matemát., Tecnol. e Física e Quím.
	O Bierzo e Sanabria	Materia optativa ou extraescolar en 4º ESO e Bacharelato. Opcionalmente, lingua vehicular de Xeografía e Hª.
Astur-leonés	Asturias	Materia optativa (obrigatoria en Primaria).
	Miranda do Douro	Materia optativa .
Éuscaro	Euskadi e Navarra	Modelo co éuscaro como materia / modelo con predominio do éuscaro / modelo de inmersión [maioritario].
Aragonés	Aragón	Proxectos lingüísticos voluntarios en determinados centros, con ata 3 períodos lectivos semanais.
Aranés	Val de Arán	Lingua vehicular en modelo de inmersión , con presenza do aranés, catalán e castelán.
Catalán	Cataluña	Lingua vehicular en modelo de inmersión , “garantindo o dominio oral e escrito do catalán e do castelán”.
	Illas Baleares	Lingua vehicular en modelo tendente á inmersión (presenza mínima do catalán: 50%).
	Valencia	Lingua vehicular en modelo “plurilingüe” (presenza do catalán valenciano do 25% ao 65%).
	Franxa de Aragón	Proxectos lingüísticos voluntarios con ata 3 períodos lectivos semanais.

↪ Tendo en conta que a oficialidade do mirandés é limitada, **ningunha lingua oficial é tan maltratada no ensino como o galego.**

	Galego e portugués	Astur-leonés	Castelán	Aragonés	Aranés	Catalán
Caída do -N- e do -L- intervocálicas	Si <i>boa saúde ceo / céu</i>	Non <i>bona salú cielu</i>	Non <i>buena salud cielo</i>	Non <i>buena salut ciel</i>	Só nalgúns casos <i>bona salut cèu</i>	Non <i>bona salut cel</i>
Ditongación das vogais breves	Non <i>porta sempre</i>	Si <i>puerta siempre</i>	Si <i>puerta siempre</i>	Si <i>puerta siempre</i>	Non <i>pòrta tostemp</i>	Non <i>porta sempre</i>
Evolución de PL-, FL-, CL-	Palatalizan en ch chamar chuvia	Palatalizan en ll llamar lluvia	Palatalizan en ll llamar lluvia	Consérvanse <i>clamar plevia</i>	Consérvanse <i>clamar ploja</i>	Consérvanse <i>clamar pluja</i>
Desaparición do F- inicial	Non fillo	Non fiu	Si hijo	Non fillo	Si hilh	Non fill
Palatalización de L- inicial	Non lúa	Si lluna	Non luna	Non luna	Non lua	Si lluna
Perda de vogais átonas finais	Non doce	Non dulce	Non dulce	Non dulce	Si doç	Si dolç

CARACTERÍSTICAS DALGUNHAS LINGUAS PENINSULARES

GALEGO	PORTUGUÉS	CASTELÁN	CATALÁN	ÉUSCARO
- Conservación do <i>f</i> - inicial latino (<i>fariña, fame</i>)	- Conservación do <i>f</i> - inicial latino (<i>farinha, fome</i>)	- Perda de <i>f</i> - inicial latino (<i>harina, hambre</i>)	- Conservación do <i>f</i> - inicial latino (<i>farina, fam</i>)	- Posúe un sistema vocálico semellante ao do castelán
- Non ditongación das vogais tónicas breves latinas <i>e, o</i> que se manteñen abertas (<i>terram>terra, portam>porta</i>)	- Non ditongación das vogais tónicas breves latinas <i>e, o</i> (<i>terram>terra, portam>porta</i>)	- Ditongación das vogais tónicas breves latinas <i>e, o</i> en <i>ie, ue</i> (<i>terram>tierra, portam>puerta</i>)	- Non ditongación das vogais tónicas breves latinas <i>e, o</i> (<i>terram>terra, portam>porta</i>)	- Ningunha palabra vasca comeza por <i>r</i> (<i>raiña: erregina; resina: erretxin</i>)
- Palatalización en <i>ch</i> dos grupos latinos <i>cl-, pl-, fl-</i> (<i>planu>chan, clave>chave</i>)	- Palatalización en <i>ch</i> dos grupos latinos <i>cl-, pl-, fl-</i> (<i>planu>chão, clave>chave</i>)	- Palatalización en <i>ll</i> dos grupos latinos <i>cl-, pl-, fl-</i> (<i>planu>llano, clave>llave</i>)	- Conservación dos grupos latinos <i>cl-, pl-, fl-</i> (<i>planu>pla, clave>clau</i>)	
- Caída de <i>-l-, -n-</i> intervocálicos latinos (<i>solum>só, sonare>soar</i>)	- Caída de <i>-l-, -n-</i> intervocálicos latinos (<i>solum>só, sonare>soar</i>)	- Conservación de <i>-l-, -n-</i> intervocálicos latinos (<i>solum>solo, sonare>sonar</i>)	- Palatalización de <i>l-</i> inicial latino en <i>ll-</i> (<i>lingua>llengua, lectione>lliçó</i>)	- Posúe unha declinación con catorce casos e non ten xénero (<i>etxe: casa; etxea: a casa</i>)
- Ditongos decrecentes <i>ai, ei, ou</i> (<i>chaira, feixe, mouro</i>)	- Conservación de vogais nasais (<i>mão, canção</i>)			

A LUSOFONÍA



O portugués e o galego foron na súa orixe unha mesma lingua. Compartiron designios políticos e culturais na que se considera a etapa de maior esplendor e prestixio para a nosa lingua. Xa no século XII, a historia de Galicia e a de Portugal toman camiños distintos, que influirían na fortaleza e desenvolvemento social de ambas as linguas. Con todo, a intercomprensión da que seguimos a gozar na actualidade dá lugar ao que se denomina complexo lingüístico galego-portugués.

Na actualidade, o portugués é a lingua oficial en Portugal, Brasil, Angola, Cabo Verde, Guiné-Bissau, Mozambique, São Tomé e Príncipe e Timor-Leste. Conta con máis de douscentos cincuenta millóns de falantes. É o idioma románico máis usado despois do español e o máis falado no hemisferio sur.

A lusofonía é un espazo de relación que engloba os falantes de portugués ao redor de todo o mundo, unha comunidade humana de máis de douscentos cincuenta millóns de persoas, con historias e particularidades propias, que se organizan en países, nacións sen estado, colectivos e comunidades diversas.

Para desenvolver as potencialidades de posuír unha lingua de relación internacional, créase en 1996 a Comunidade dos Países de Língua Portuguesa (CPLP), que en 2016 admite a primeira institución representativa do galego, o Consello da Cultura Galega. En colaboración co Instituto Internacional da Língua Portuguesa (ILLP), fomenta iniciativas para a promoción da lingua e da cultura, así como o desenvolvemento económico e social das comunidades e países que se integran na lusofonía.

A lingua galega asóciase coa lusofonía en razón da súa vinculación histórica e das estreitas relacións entre a cultura galega e a portuguesa. Mais na actualidade demostrase que este nexo pode converterse tamén en vantaxes competitivas nos ámbitos empresarial, deportivo, social ou cooperativo.

Para promover o aproveitamento destes vínculos, o Parlamento de Galicia aprobou en 2014 a Lei Paz Andrade, que permitiu integrar o portugués na oferta educativa galega. No ámbito económico fomentanse as liñas de colaboración entre as empresas. No ámbito cultural, o Festival Internacional da Lusofonía Cantos na maré supón o encontro musical e artístico entre artistas de países lusófonos.